

CALENDARIO ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 2022

Publicación da convocatoria: 10 de novembro de 2022.	Publicación da convocatoria de eleccións nos diversos sectores educativos (profesorado, familias, PAS) e comunicacións aos diversos sectores. Publicación dos censos electorais.
Prazo de presentación de candidaturas: do día 11, ás 9:00h, ata o 18 de novembro, ás 14:00h.	Prazo de presentación das candidaturas para representantes do profesorado, pais/nais ou titores legais e do alumnado. Os impresos para a presentación de candidaturas de pais/nais solicitaranse na secretaría do centro; os do alumnado en conserxería; e os do profesorado estarán dispoñibles na sala do profesorado.
Ata o 17 de novembro.	Período de reclamacións ao censo.
11 de novembro	- Remisión convocatoria Xunta Electoral. - 2ª reunión: data, 21 de novembro. - Remisión convocatoria claustro informativo. Data, 16 de novembro (2ª recreo).
16 de novembro	- Reunión claustro informativo: - Normas de elección. - Fixar data claustro extraordinario eleccións sector profesorado. Data, 29 de novembro (2ª recreo).
21 de novembro	- 2ª Reunión Xunta Electoral: - Análise e resolución das posibles reclamacións ao censo electoral. - Proclamación das candidaturas presentadas. - Sorteo das mesas electorais pais/nais e PAS. Reunión da Xunta Electoral para a proclamación de candidatos e para o sorteo de mesas electorais de todos os sectores agás a do profesorado, que se rexe polas súas propias normas: art. 36 do decreto 92/1988 "...director do centro, que actuará como presidente, os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario..." - Apertura do prazo de reclamacións á proclamación das candidaturas: días 22 e 23 de novembro. - Comunicación ás familias das candidaturas do seu sector. - Publicación no centro de todas as candidaturas dos distintos sectores. - Citacións para a constitución das mesas electorais. - Convocatoria claustro extraordinario: do 29 de novembro (2ª recreo). - Convocatoria para a 3ª reunión da Xunta Electoral, que se celebrará o 24 de novembro
24 de novembro	-3ª Reunión da Xunta Electoral se hai reclamacións á proclamación de candidaturas. De non haber reclamacións, faríase constar en acta.
28 de novembro	Xornada de reflexión.
29 de novembro	- Votacións para todos os sectores , eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar (votacións para a elección de todos os colectivos, representantes de profesorado -claustro extraordinario-, alumnado e pais/nais, no horario: - Pais/nais e alumnado: de 10.25 a 12.20 h. e de 19:30 a 20.30 h - Profesorado: de 12.20 a 12.50 h. na Sala do profesorado, reunido ests en sesión extraordinaria de claustro, ás 12.20h, con punto único da Orde do Día: elección dos representantes do profesorado. - A acta do escrutinio da votación de cada mesa electoral, á cal se refire o artigo 50 do Decreto 92/1988 , do 28 de abril, na súa redacción dada polo Decreto 324/1996 , do 26 de xullo, logo das votacións correspondentes e proclamados os candidatos elixidos, remitiranse as copias das actas de cada mesa electoral á Xefatura Territorial. Farase segundo o modelo que se publica como anexo I na <i>Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG de 29 de setembro).</i>
1 de decembro	- 4ª e última Reunión da Xunta Electoral para proclamar e publicar a listaxe de candidatos electos dos diversos sectores. - Unha vez proclamados os candidatos e candidatas elixidos, a Dirección do centro, como presidencia da Xunta Electoral, dará traslado das copias das actas de cada mesa electoral ao Xefe ou Xefa Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. - Convocatoria de reunión, por parte da Dirección do centro, para a constitución do novo CE. Data, 12 de decembro (dentro dos 10 días seguintes á proclamación dos candidatos electos).
12 de decembro	- Reunión de constitución do novo CE. Determinación de comisións.
Antes do 16 de decembro	- Remisión do informe do proceso de constitución do consello escolar á Xefatura Territorial. ANEXO II da <i>Resolución do 19 de setembro de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.</i>

Nigrán, 10 de novembro de 2022




Asinado, Daniel Ángel Mulet Pérez, presidente da Xunta Electoral, p. o.